

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Abril 2006 COMUNICADO

As vendas do comercio polo miúdo en Galicia aumentaron en abril de 2006 un 0,6% respecto a un ano antes

No mes de abril as vendas do comercio polo miúdo en Galicia aumentaron en termos correntes un 0,6% con respecto ao mesmo mes de 2005

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia rexistrou no mes de abril de 2006 un incremento interanual do 0,6%, en termos correntes. Nesta comparación hai que ter en conta o efecto da Semana Santa, que neste ano se celebrou en abril mentres que no 2005 en marzo, unido a un menor número de días hábiles. Así, se corriximos a serie destes efectos de calendario o índice xeral de comercio polo miúdo de abril rexistra un aumento interanual do 3,1%.

No que vai de ano, o índice xeral creceu un 5,2%, un 4,8% se se mide en termos de serie corrixida de efecto calendario.

Por produto vendido, as vendas en termos correntes de equipamento da persoa e doutros bens presentan unha variación positiva respecto ao mesmo mes dun ano antes, do 0,1% e do 1,6%, respectivamente. Polo contrario, as vendas de produtos de alimentación rexistran en abril de 2006 unha variación anual do -0,3% e nas de equipamento do fogar a taxa de variación anual é do -0,7%.

Incremento interanual do 3,1% nas vendas en grandes superficies non especializadas de Galicia

Por tipo de actividade da empresa, o índice de comercio especializado de abril de 2006 aumentou en termos correntes un 1,1% con respecto ao mesmo mes de 2005, o do non especializado un 0,3%.


O índice de vendas de grandes superficies non especializadas de Galicia presenta en abril de 2006 un incremento interanual do 3,1% en termos correntes.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Abril 2006.
Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	122,4	0,6%	5,2%
Xeral (corrixido de calendario)	123,5	3,1%	4,8%
Por actividade			
Especializado	116,4	1,1%	7,3%
Non especializado	132,5	0,3%	1,3%
Grandes superficies	148,7	3,1%	4,3%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>